



O ourensán Sergio Pazos será o artista homenaxeado na VI edición do FIC Vía XIV de Verín, sucedendo así a Luis Zahera, a quen se homenaxeou o ano pasado. Ao igual que Zahera, Sergio Pazos posúe unha ampla traxectoria que inclúe os campos do teatro, do cinema e da televisión.

A organización do FIC Vía XIV decidiu distinguir a Pazos pola súa conexión con Ourense e a súa provincia. Na homenaxe que se lle rendirá incluírase o visionado dalgunhas das curtametraxes na que Pazo participou e que son representativas da súa carreira. Posteriormente, o propio Sergio Pazos participará nun coloquio cos asistentes ao acto de homenaxe, que se celebrará, ao igual que o resto de actividades paralelas do certame, no Auditorio de Verín.

Principales traballos

Entre outros, Pazos ha trabaxado para diversos films de televisión y cine tales como *Ni se te ocurra*, *Un soño de verán*, *A fiestra baldeira*, *La Ley de la frontera*, *A Esmorga*, *Airbag*, *Muertos de risa*, *Galáctea: a conquista da vía láctea*, *Tuno negro*, *Binomio*. *Los siameses españoles*, *Las rubias los prefieren caballeros*, *Lisístrata*, *El lápiz del carpintero*, *¡Hay motivo!*, *Hot milk* e *El don de de la duda*.